

20ª REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

Asunto: convocatoria da 20ª sesión do Consello de Avaliación Documental de Galicia

Data: 20 de marzo de 2025

Lugar: mixta: presencial e a través de videoconferencia

Hora: 13:30 horas

Hora de remate: 14:45 horas

Asistentes

1. Anxo M. Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura. Presidente.
2. Mª del Carmen Calviño Rodríguez, subdirectora xeral de Arquivos e Centros Museísticos. Vogal.
3. Mª del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia, que actúa como secretaria suplente.
4. Gabriel Quiroga Barro. Xefe de Sección do Arquivo do Reino de Galicia. Vogal [Telemática]
5. Alfonso Cascudo Rasilla, xefe de sección do Arquivo Territorial de Pontevedra. Vogal.
6. Pilar Cagiao Vila. Profesora titular de Hª Contemporánea da USC. Vogal
7. Mª Asunción Liñares Castro, Auditora da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio. Vogal [Telemática].
8. Consuelo Tacón Sanjuás, sección de Arquivos e Bibliotecas do Consello de Contas de Galicia. Vogal [Telemática].
9. Desirée Domínguez Pallas, Directora do Arquivo Universitario de Santiago de Compostela. En representación do Consello Galego de Universidades. Vogal. [Telemática].
10. Dolores Lestón Suárez. Arquiteira do Arquivo Territorial de Xustiza na Coruña. Vogal [Telemática].
11. Mª Teresa Delgado Calvo, xefa de servizo do Equipo de Coordinación, Seguimento e Análise. Oficina Galega de Auditoría e Control. Vogal [Telemática].

Xustifican ausencia

1. José María Barreiro Díaz, director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio. Vicepresidente.
2. Mª Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos. Secretaria e vogal
3. José Luis Castro Carpintero, arquiteiro do Arquivo da Deputación de Pontevedra. Vogal.
4. Susana Díaz García, arquiteira do Arquivo Municipal de Foz, en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). Vogal.



Orde do día

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

2. Renovación de membros do Consello

3. Informar sobre propostas de avaliación de series documentais

Administración autonómica

Arquivo Central da Consellería do Mar

- Expedientes de provisión de prazas en libre designación (AA053)

Arquivo do Reino de Galicia

- Rexistro do Depósito Legal (AA1281)
- Partes mensuais do Depósito Legal (AA450)
- Expedientes de constitución do Depósito Legal (AA451)

Arquivo Territorial de Pontevedra

- Expedientes de axudas directas á agricultura e gandeiría, suxeitas ao sistema integrado de xestión e control con explotacións situadas na Comunidade Autónoma de Galicia financiadas polos fondos europeos no marco da Política Agraria Común (AA1278)

4. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos

4.1. Propostas que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

Administración autonómica

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

- Expedientes contables de gastos (Cód. AA140)
Táboa T0101, DOG do 22 de agosto de 2023
Datas extremas: 2001-2017
Volume a eliminar: 1.427 unidades de instalación
- Expedientes de contratos administrativos (Cód. AA5612)
Táboa T0082, DOG do 2 de setembro de 2022
Datas extremas: 2003-2013
Volume a eliminar: 363 unidades de instalación
- Expedientes de conciliación previa á xurisdición laboral (Cód. AA2739)
Táboa T0086, DOG do 26 de xaneiro de 2023
Datas extremas: 1990-2010
Volume a eliminar: 463 unidades de instalación

Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de Pontevedra



- Expedientes de xestión do imposto de transmisións patrimoniais de determinados medios de transporte usados entre particulares (Cód. AA635)

Táboa T0017, DOG do 23 de maio de 2019

Datas extremas: 1987-2014

Volume a eliminar: 463 unidades de instalación

Administración institucional

Universidade da Coruña

- Expedientes de bolsas de carácter xeral do Ministerio (cód. U003)

Táboa T0032, DOG do 8 de xaneiro de 2020

Datas extremas: 2015-2018

Volume a eliminar: 294 unidades de instalación

4.2. Propostas condicionadas á aprobación das Táboas de Avaliación e a súa publicación no DOG

Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de Pontevedra

- Expedientes das axudas directas á agricultura e gandería suxeitas ao sistema integrado de xestión e control con explotacións situadas na Comunidade Autónoma de Galicia financiadas polos Fondos Europeos no marco da Política Agraria Común (PAC) (Cód. AA1278)

Datas extremas: 2001-2013

Volume a eliminar: 2.412 unidades de instalación

5. Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

Abre a sesión o director xeral de Cultura que saúda aos asistentes e presenta para a súa deliberación os puntos establecidos na orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

O Presidente declara que hai un erro na acta anterior e debe incluírse a Gabriel Quiroga Barro, xefe de Sección do Arquivo do Reino de Galicia como asistente que xustifica ausencia e pregunta aos membros se teñen que formular algunha observación á acta anterior.

Alfonso Cascudo Rasilla, xefe de sección do Arquivo Territorial de Pontevedra, solicita a inclusión na acta en relación á proposta de avaliación da serie *Expedientes de xestión do imposto de transmisións patrimoniais de determinados medios de transporte usados entre particulares* da ampliación da posibilidade de eliminación aos documentos anteriores ao



ano 1990 ao non ter estes expedientes información exclusiva ou relevante, como se acordou na sesión anterior.

Procederase a actualización dos datos.

Queda aprobada a acta da sesión anterior.

2. Renovación de membros do Consello

Anxo Lorenzo anuncia que, rematado a representación do Valedor do Pobo neste Consello e seguindo coa rotación dos órganos, propúxose a designación dun arquivista ou arquivista ao Consello de Contas de Galicia e foi nomeada Consuelo Tacón Sanjuás, presente nesta sesión e á que lle dá a benvida.

3. Informar sobre propostas de avaliación de series documentais

O presidente pasa a palabra a Mar García, que explica a proposta *Expedientes de provisión de prazas en libre designación* (AA0053), presentada pola Consellería do Mar aínda que é unha serie de carácter transversal, que afecta a todas as consellerías por ser produtores todos os servizos de xestións de persoal/recursos humanos de cada departamento. A serie considérase de escaso valor legal/xurídico xa que o valor probatorio recaería na serie complementaria *Expedientes persoais*, á que está principalmente vinculada. A selección xustifica a eliminación total aos 10 anos dende a finalización do procedemento como prazo cautelar, xa que o valor administrativo sería de 4 anos.

Non hai comentarios.

A continuación o presidente cede a palabra a Gabriel Quiroga Barro que presenta as tres propostas relacionadas co Depósito Legal presentadas polo Arquivo do Reino de Galicia: *Rexistro do Depósito Legal* (AA1281), *Partes mensuais do Depósito Legal* (AA0450) e *Expedientes de constitución do Depósito Legal* (AA0451). Comeza expoñendo esta última serie por ser a máis xeral e que reúne as outras dúas.

En canto aos prazos de transferencia apúntase que o prazo histórico é de 20 anos debido ao moi escaso volume dos libros-rexistro e expedientes, polo que se propón un prazo de transferencia amplo para evitar unha tramitación innecesaria.

Respecto á eliminación de documentos o rexistro do Depósito Legal é de conservación permanente e os partes mensuais e os datos do rexistro de constitución son de eliminación total.

M^a Carmen Calviño sinala que no documento do estudo da serie dos partes mensuais falta o prazo de eliminación. Gabriel Quiroga precisa que este dato xa está corrixido na ferramenta EIVA.

Por último, o Presidente pasa a palabra a Alfonso Cascudo que presenta a serie *Expedientes das axudas directas á agricultura e gandería, suxeitas ao sistema integrado de xestión e control con explotacións situadas na Comunidade Autónoma de Galicia financiadas polos fondos europeos no marco da Política Agraria Común* (AA1278), serie xenérica que abrangue



catro series específicas, sendo a considerada como serie matriz a de *Expedientes de pagamentos directos á agricultura e á gandería das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control*.

Esta é unha serie aberta que comeza no ano 2001 e integra todas as liñas de axuda financiadas por diferentes fondos europeos nunha única serie. O volume de unidades físicas almacenado é aproximadamente de 1,5 km lineais e partir do ano 2015 o procedemento é electrónico.

Alfonso Cascudo expón que o valor administrativo da serie documental é de 3 anos despois da liquidación de contas do último exercicio de aplicación do período de programación ou da data da comunicación do peche do programa operativo, xa que por normativa europea hai obriga de conservación dos documentos de pago ata 3 anos despois do peche do programa.

O valor legal/xurídico é escaso pero o valor informativo/histórico é substancial, como elemento esencial de apoio á renda dos agricultores e agricultoras do país, pois funcionan como unha rede de seguridade para os seus ingresos e permiten remunerar aspectos que non teñen en conta os mercados e que se deben considerar como servizos públicos vitais para a sociedade.

Respecto aos prazos de transferencia da documentación en papel, concreta que comezan a partir das resolucións individuais dos expedientes, non das datas de peche do programa operativo.

Propónse en relación á selección da serie documental a eliminación parcial das solicitudes e a conservación íntegra do resto de documentos (resolucións, documentos de pago, etc.) e dos datos das aplicacións informáticas, que polo seu valor informativo/histórico se deben conservar.

Rematada a intervención, M^a Carmen Calviño manifesta que esta é unha serie moi complexa. Felicita a Alfonso e ao FOGGA polo labor desenvolvida e recorda que xa no grupo de traballo previo xurdiron cuestións relativas a este estudo que considera non quedaron ben reflectidas na proposta. Reflexiona que se o valor informativo/histórico é esencial, conviría distinguir que parte da documentación ten valor substancial e cal non. Respecto ao valor administrativo de 3 anos despois da liquidación das contas, incide en que debe recollese por escrito no documento do estudo, aínda que Alfonso o expuxera na súa intervención. Tamén se tratou no grupo de traballo que o prazo de eliminación non debe distinguir dous períodos diferentes, que seguen incluídos na xustificación da selección. Afonda en que, se existe a necesidade de conservar todos os datos das aplicacións informáticas, podería ser preciso que toda a serie documental sexa de conservación permanente, no lugar de eliminación parcial.

Alfonso manifesta estar de acordo co cambio no valor administrativo respecto á data de peche do programa operativo e explica que o engadiu na presentación para que tivera máis coherencia. Expón que a discusión principal é si a serie é de eliminación parcial ou de conservación total con cambio de soporte. Ten dúbidas porque a información dos datos



da solicitude están incluídos na aplicación informática e pensa que poderían eliminarse as solicitudes.

Intervén Gabriel Quiroga para expresar que lle parece importante resolver a incoherencia que aparece entre o valor histórico sendo substancial e a eliminación parcial. Desde o seu punto de vista a documentación non é de valor substancial porque non parece que aporte un coñecemento conxunto do campo galego; son datos conxunturais que amosan información que en principio xa está incorporada en outros documentos estruturais como son os documentos catastrais ou os censos gandeiros e só permitirían medir determinados impactos sobre o colectivo pero de forma agregada. Insiste na necesidade de aclarar a través do estudo cales son os documentos importantes para conservar, xa que non queda claro na relación de documentos que integran a unidade documental. Pensa que se ten que articular ben o valor histórico coa proposta de eliminación, podéndose eliminar parcialmente se hai documentos que non son de interese, ou se se determinase que son de interese substancial terían que ser de conservación total.

Mar García concorda con Gabriel e resalta que se se propón conservar todos os datos da aplicación, que levan comprendidos tamén os datos correspondentes ás solicitudes, o que se produce é un cambio de soporte dos datos, non unha eliminación das solicitudes, polo que estaríamos ante unha conservación total.

M^a Carmen recorda que todas as series acabarán integradas no arquivo electrónico, polo que o criterio de selección que se tome será incorporado a este arquivo e, de ser de eliminación, farase automaticamente. Está de acordo con Gabriel en que se a información non é considerada esencial e susceptible de eliminar, débese ter claro que está contida en outros repositorios.

Alfonso recorda que no grupo de traballo ensinouse o proceso de extracción a unha folla de cálculo da información da solicitude e de todos os controis asociados. Os datos están na aplicación informática, que é accesible e poden ser descargados, polo que deberían poder eliminarse as solicitudes. Pensa que se podería matizar o valor informativo e o tipo de selección pero reitera a posibilidade de eliminar as solicitudes.

Á vista do exposto, Anxo Lorenzo propón retirar esta proposta e seguir traballando nela para resolver as dúbidas no seguinte grupo de traballo e posterior Consello, xa que non quedan claros e definidos varios puntos do estudo e non hai seguridade xurídica.

Apróbanse as catro primeiras series expostas e queda retirada a serie presentada polo Arquivo Territorial de Pontevedra.

4. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos

O director xeral de Cultura da conta da relación de propostas de eliminación que xa figuran na orde do día. As eliminacións que contan con táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG proceden de tres entidades de dúas administracións: Consellería de Emprego, Comercio e Inmigración, Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de Pontevedra e Universidade da Coruña.



Respecto ao punto 2 referente á proposta de eliminación condicionada á aprobación da Táboa de Avaliación non procede neste momento por quedar retirada a proposta do estudo no punto anterior da sesión.

5. Rolda de intervencións

Alfonso Cascudo solicita que conste na acta que en data 4 de decembro de 2020 presentou informe da problemática das series producidas polo FOGGA. Nese momento a representante do FOGGA informou que estaban na busca da información anterior ao ano 2000 e solicitou á AMTEGA que reunise as bases de datos. A data de hoxe non se dispón da información.

Quere tamén propoñer, ao igual que existe na Comunidade de Madrid, a creación dun grupo de traballo multidisciplinar sobre tratamento de bases de datos, composto tanto polos Arquivos como pola AMTEGA.

ACORDOS

1. Aprobar a acta da sesión anterior.
2. Aprobar as propostas de avaliación de series documentais presentadas polo Arquivo Central da Consellería da Consellería do Mar e polo Arquivo do Reino de Galicia.
3. Aprobar as propostas de eliminación de documentos presentadas que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 14:45 horas.

Santiago de Compostela,

Vº e prace

A secretaria suplente

O presidente

Mª del Mar García Miraz

Anxo M. Lorenzo Suárez

